



# BOP

SÁBADO, 8 DE SETEMBRO DE 2018 N.º 208

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO. AUGAS DE GALICIA.  
SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

*Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

José Rodríguez Martínez solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.55659.

As obras solicitadas consisten no acondicionamento do predio situado na parcela 1269 do polígono 6 da concentración parcelaria do "Val de Alfoz" (antigas parcelas 458, 459, 461, 463 e 20459 do polígono 105, agregado 0, zona 0 do catastro); na zona de policía do río Ouro, no lugar dos Condes, na parroquia de San Pedro de Mor, no concello de Alfoz (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinete (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Alfoz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 28 de agosto de 2018.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 2508

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO

*Anuncio*

#### 1. ENTIDADE ADXUDICADORA:

- Organismo: Deputación Provincial de Lugo.
- Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.
- Nº de expediente: EXP0005SU18-ABO.
- Domicilio: San Marcos 8.
- Localidade e código postal: Lugo 27001.
- Teléfono: 982260202/982260095.
- Correo electrónico: [contratacion@deputacionlugo.org](mailto:contratacion@deputacionlugo.org).
- Dirección de Internet de perfil de contratante: <http://www.deputacionlugo.org/>.

#### 2. OBXECTO DO CONTRATO:

- Tipo: Subministración
- Descrición: Subministración dun vehículo tipo furgón e un pick up para o parque móbil provincial, e recollida de vehículos usados.
- CPV: 34100000-8 Vehículos de motor. 34131000-4 Furgonetas con caja aberta («pick-ups»)

#### 3. TRAMITACIÓN E PROCEDIMENTO:

- Tramitación: Ordinaria.

- b) Procedemento: Aberto e selección da oferta economicamente máis vantaxosa.  
c) Criterios de adxudicación (ver cláusula décimo segunda do PCAP).

#### 4. ORZAMENTO BASE DA LICITACIÓN:

Importe neto: 66.115,70 euros. I V E ( 21%). Importe total: 80.000,00 euros.

#### 5. ADXUDICACIÓN:

- a) **Data:** 1 de xuño de 2018.  
b) **Contratista:** DITRAM AUTOMOCIÓN SLU (B27271386)  
c) **Prezo de adxudicación:** 65.742,97 euros. IVE (21%). Importe total: 79.549,00 euros.  
d) **Data de Formalización:** 14 de xuño de 2018.

Lugo, 29 de agosto de 2018.- O PRESIDENTE. P.D. Decreto nº0402/2017, de data 24-02-2017.- O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 2529

---

## SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

### *Anuncio*

#### **INFORMACION PUBLICA**

Polo órgano competente desta Deputación foron tomados en consideración os proxectos das obras:

- OUIROL.- REHABILITACIÓN DE FIRME EN TRAMOS DE VÍAS: LU-P-3801 "OUIROL - O CARME - AS LOBEIRAS, P.K. 1+900 - 9+820; LU-P-3802 "OUIROL - IGREXA DE OUIROL", P.K. 0+000 - 1+665; LU-P-6602 "RUANOVA -SIXTO - MURAS", P.K. 6+550 - 8+300; LU-P-3807 "BRAVOS - FOXO- SAN PANTALEÓN" P.K. 0+000 - 0+450 E LU-P-3803 "PONTE TORTA - CRUZ DAS LEIRAS", P.K. 0+900 -1+750 (EX0380B-PERF 17/19-AB)

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto.

Lugo, 30 de agosto de 2018.- O PRESIDENTE, Darío Campos Conde, P.D. Decreto de data 0402/2017 de data 24-02-2017 O Deputado Provincial, Pablo Rivera Capón.- O SECRETARIO, Cristobal Víctor Fraga Bermejo.

R. 2504

---

## SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE

### *Anuncio*

Por resolución da Presidencia de data 8 de agosto de 2018, modifícase o prazo de presentación de fotografías das bases da convocatoria "V Concurso de fotografía das Reservas da Biosfera "Terras do Miño" e "Os Ancares Lucenses", referido á base 5ª, sen alterar o resto das bases aprobadas o pasado 11 de maio de 2018, do seguinte xeito:

#### **Onde di:**

*"O prazo de presentación de fotografías comezará ao día seguinte á publicación no BOP de Lugo da presente convocatoria e bases, e rematará o vindeiro 1 de setembro de 2018."*

#### **Debe dicir:**

*"O prazo de presentación de fotografías comezará ao día seguinte á publicación no BOP de Lugo da presente convocatoria e bases, e rematará o vindeiro 30 de novembro de 2018."*

Lugo, 14 de agosto de 2018.- O SECRETARIO, Cristobal Víctor Fraga Bermejo

R. 2505

---

**CONCELLOS****ALFOZ***Anuncio***Información pública**

Aprobado por Decreto da Alcaldía, do 31 de agosto de 2018 os seguintes padróns correspondentes ao cuarto trimestre de 2017:

- ◆ Padrón da taxa polo abastecemento de auga, no que se inclúe o canon de auga e taxa de vertedura e dereito de acometida
- ◆ Padrón da taxa por recollida de lixo

De conformidade co disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, O Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, e as ordenanzas reguladoras correspondentes, expónse ó público polo prazo de quince días contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo, a efectos de exame e reclamacións. Fíxase o período de cobro en voluntaria dende o 15 de outubro ata o 15 de decembro de 2018, ámbolos dous inclusive.

A falta de pagamento no período voluntario no tocante a auga, lixo e dereito de acometida, pasarase ó seu cobro pola vía de constrinximento, coas recargas previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

E canto ao canon da auga e taxa de vertedura, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia

Recurso; Contra o acordo de aprobación dos padróns de abastecemento de auga e recollida de lixo poderá interporse recurso de reposición. O prazo de presentación será un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns ante o Alcalde.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga e taxa de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria

Alfoz, 3 de setembro de 2018.- O Alcalde, JORGE VAL DIAZ.

R. 2509

**COSPEITO***Anuncio*

Aprobado polo Pleno da Corporación Municipal de Cospeito ( Lugo), en sesión celebrada o 30 de agosto de 2018, o expediente de transferencia de crédito entre partidas de distinta área de gasto, co seguinte detalle:

**Altas en Aplicacións de Gastos**

| Aplicación |           | Descrición            | Créditos iniciais | Modificacións de crédito | Créditos finais |
|------------|-----------|-----------------------|-------------------|--------------------------|-----------------|
| Progr.     | Económica |                       |                   |                          |                 |
| 323        | 13000     | RETRIBUCIONES BASICAS | 32.852,86         | 600,00                   | 33.452,86       |
| 323        | 16205     | SEGUROS               | 3.200,64          | 2.430,00                 | 5.630,64        |

|     |       |  |                  |                  |                   |
|-----|-------|--|------------------|------------------|-------------------|
| 334 | 12005 | SUELDOS DEL GRUPO E                                | 7.970,50         | 500,00           | 8.470,50          |
| 321 | 22699 | GASTOS DIVERSOS                                    | 0,00             | 3.200,00         | 3.200,00          |
| 324 | 22100 | ENERXIA ELECTRICA                                  | 20.000,00        | 10.000,00        | 30.000,00         |
| 323 | 22699 | OTROS GASTOS DIVERSOS                              | 1.000,00         | 1.200,00         | 2.200,00          |
| 324 | 22699 | OTROS GASTOS DIVERSOS                              | 1.500,00         | 1.900,00         | 3.400,00          |
| 333 | 22699 | OTROS GASTOS DIVERSOS                              | 500,00           | 2.500,00         | 3.000,00          |
| 342 | 22799 | OTROS TRABAJOS<br>REALIZADOS POR OTRAS<br>EMPRESAS | 0,00             | 35.200,00        | 35.200,00         |
|     |       | <b>TOTAL</b>                                       | <b>67.024,00</b> | <b>57.530,00</b> | <b>124.554,00</b> |

#### Baixas en Aplicacións de Gastos

| Aplicación |           | Descrición                             | Créditos<br>iniciais | Modificacións de<br>crédito | Créditos<br>finais |
|------------|-----------|--|----------------------|-----------------------------|--------------------|
| Progr.     | Económica |  |                      |                             |                    |
| 920        | 12004     | SUELDOS DEL GRUPO C                    | 17.745,60            | 10.680,00                   | 7065,60            |
| 920        | 12100     | COMPLEMENTO DE DESTINO                 | 36.428,00            | 6.700,00                    | 29.728,00          |
| 920        | 12101     | COMPEMENTO ESPECIFICO                  | 59.345,75            | 3.600,00                    | 55745,75           |
| 920        | 16000     | SEGURIDADE SOCIAL                      | 33.835,00            | 5.000,00                    | 28.835,00          |
| 932        | 12000     | SUELDOS DEL GRUPO A1                   | 29.998,78            | 4.752,00                    | 25.246,78          |
| 932        | 12101     | COMPLEMENTO ESPECIFICO                 | 57.603,57            | 4.870,00                    | 52.733,57          |
| 920        | 20600     | ARRENDAMIENTO MAQUINA<br>FOTOCOPIADORA | 3.200,00             | 3.200,00                    | 0,00               |
| 932        | 22603     | PUBLICACIÓN EN DIARIOS<br>OFICIAIS     | 5.000,00             | 4.300,00                    | 700,00             |
| 932        | 22699     | OTROS GASTOS DIVERSOS                  | 1.000,00             | 1.000,00                    | 0,00               |
| 932        | 22709     | SERVIZOS DE RECAUDACIÓN                | 30.000,00            | 10.480,00                   | 19.520,00          |
|            |           | <b>SUMA TOTAL</b>                      | <b>307.465,36</b>    | <b>57.530,00</b>            | <b>249.935,36</b>  |

En cumprimento do disposto nos artigos 179 y 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40, 41, e 42 do R.D. 500/1990, do 20 de abril. Exponse ó público na Secretaría Municipal deste Concello por un período de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o referido prazo os interesados lexitimados, segundo o previsto no artigo 170.1 da citada Lei de Facendas Locais e por algún dos motivo taxativamente enumerados no número 2 de dito artigo 170, poderán presentar reclamacións no Rexisto Xeral do Concello de Cospeito ante o Pleno da Corporación. O acordo inicial elevarase automaticamente a definitivo se no citado prazo non se presentara reclamación o suxerencia algunha; en caso contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Cospeito, 3 de setembro de 2018.- A ALCALDESA EN FUNCIONS, Natividad Miguez Castro.

R. 2521

### Anuncio

Aprobado polo Pleno da Corporación Municipal de Cospeito (Lugo), en sesión celebrada o 30 de agosto de 2018, o expediente de crédito extraordinario financiado con cargo a baixas ou anulacións de outras aplicacións ozamentarias, co seguinte detalle:

#### ALTAS EN APLICACIÓNS EN GASTOS

| Aplicación      |                  | Descrición                     | Creditos iniciais | Modificacións de crédito | Créditos finais |
|-----------------|------------------|--------------------------------|-------------------|--------------------------|-----------------|
| <b>Programa</b> | <b>Economica</b> |                                |                   |                          |                 |
| 337             | 62200            | Edificios e outras construción | 0,00              | 1.800,00                 | 1.800,00        |
| 920             | 60000            | Inversións en terrenos         | 0,00              | 800,00                   | 800,00          |
|                 |                  | <b>TOTAL ALTAS</b>             |                   | <b>2.600,00</b>          |                 |

#### BAIXAS OU ANULACIÓNS GASTOS

| Aplicación      |                  | Descrición          | Créditos iniciais | Crédito disponible | Baixas ou anulacións | Créditos finais |
|-----------------|------------------|---------------------|-------------------|--------------------|----------------------|-----------------|
| <b>Programa</b> | <b>Economica</b> |                     |                   |                    |                      |                 |
| 161             | 12005            | Saldos do Grupo E   | 15.666,00         | 10.071,00          | 2.600,00             | 7.471,00        |
|                 |                  | <b>TOTAL BAIXAS</b> |                   |                    | <b>2.600,00</b>      |                 |

En cumprimento do disposto nos artigos 179 y 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40, 41, e 42 do R.D. 500/1990, do 20 de abril. Exponse ó público na Secretaría Municipal deste Concello por un período de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o referido prazo os interesados lexitimados, segundo o previsto no artigo 170.1 da citada Lei de Facendas Locais e por algún dos motivo taxativamente enumerados no número 2 de dito artigo 170, poderán presentar reclamacións no Rexisto Xeral do Concello de Cospeito ante o Pleno da Corporación. O acordo inicial elevarase automaticamente a definitivo se no citado prazo non se presentara reclamación o suxerencia algunha; en caso contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Cospeito, 3 de setembro de 2018.- A ALCALDESA EN FUNCIONS, Natividad Miguez Castro.

R. 2522

**PORTOMARÍN***Anuncio*

Aprobado o PADRON de:

- Tasa SAF periodo abril de 2018.

Se exponen al público, en estas oficinas, por el plazo de quince días hábiles a efectos de examen y reclamaciones.

**PERIODO DE COBRO EN VOLUNTARIA:**

- Del 22 de xullo 2018 ao 22 de agosto de 2018.

**MODALIDADE DE COBRO.-**

O ingreso das deudas realizaranse nas oficinas de Caixa Galicia – Oficina de Portomarín, nas datas laborables de 9,00 a 14,00 horas, nas que se presentará o documento de ingreso que, a tal efecto se remite a o domicilio dos contribuíntes.

Aquelas persoas que por cualquier circunstancia non reciban ou extravíen o documento de ingreso poderán solicitar un novo nas oficinas do Concello onde expediráselles outro a efecto de levar a cabo o ingreso en ditas oficinas da Caixa Galicia.

**RECURSOS.-**

Contra o acordo da aprobación poderá formularse recurso de reposición ante a Comisión de Goberno, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó finalizar o prazo de exposición ao público, ou ben recurso contencioso- adm. Ante o Xulgado do Contencioso Adm. de Lugo, non podendo interponerse ambos recursos de forma simultanea.

Transcurrido o prazo de ingreso no periodo voluntario, as deudas serán esixidas polo procedemento de apremio e se devengarán os recargos correspondientes ao periodo executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas do procedemento de apremio.

En Portomarín a 18 de xullo de 2018.- O Alcalde, Juan Carlos Serrano López.

R. 2520

**RIBAS DE SIL***Anuncio*

Aprobados por Decreto da Alcaldía de data 30 de agosto e 3 de setembro de 2018 os padróns seguintes:

- 2º Trimestre de 2018 do servizo de abastecemento de auga, canon, sumidoiros e recollida de lixo.
- SAF do mes de xullo

Por medio do presente expóñense ao público por prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcurrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos devanditos padróns poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

O mesmo tempo establece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcurrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei. No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa exixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas do Sil, 3 de setembro de 2018.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 2510

## VIVEIRO

## Anuncio

**ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DE CONTRATO****1. ENTIDADE ADXUDICADORA**

- a. Organismo: Concello de Viveiro
- b. Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación
- c. Nº de expediente: CT 19/2016 (Gestiona 6231/2017)
- d. Domicilio: Praza Maior 19-20
- e. Localidade e código postal: Viveiro 27850
- f. Teléfono: 982.56.04.24
- g. Correo electrónico: contratacion@viveiro.es
- h. Dirección de internet do perfil do contratante: <http://www.viveiro.es>

**2. OBXECTO DO CONTRATO**

- a. Tipo de contrato: Contrato de servizos
- b. Descrición: Servizo de limpeza de diversos edificios e dependencias municipais do Concello de Viveiro
- c. Duración do contrato: 4 anos, con posibilidade dunha prórroga bianual (2 anos). Duración máxima de execución do contrato: 6 anos.

**3. TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN**

- a. Tramitación: Ordinaria
- b. Procedemento: Aberto, suxeito a regulación armonizada.
- c. Criterios de valoración das ofertas: os establecidos na cláusula 17 do prego de cláusulas (multicriterio): 1) descrición dos materiais e utensilios a empregar (5 puntos); 2) Cuantificación e descrición da maquinaria eléctrica que destinarán ao servizo (5 puntos); 3) Materiais e produtos ecolóxicos a empregar (5 puntos); 4) Mellor oferta (85 puntos).

**4. ORZAMENTO DA LICITACIÓN**

- a. Contrato de adxudicación por lotes (lotes 1, 2, 3, 4 e 5). O tipo de licitación global do contrato durante as catro anualidades da súa vixencia foi de "setecentos vintecinco mil seiscentos euros" (725.600,00 €), desglosado do seguinte xeito: Orzamento base: 599.669,42 €; 21% IVE: 125.930,58 €; Orzamento total: 725.600,00 €.
- b. O anterior importe desglosouse nos cinco seguintes lotes:

| Núm. lote | Importe base | 21% IVE     | Importe total |
|-----------|--------------|-------------|---------------|
| 1         | 363.636,36 € | 76.363,64 € | 440.000,00 €  |
| 2         | 65.867,77 €  | 13.832,23 € | 79.700,00 €   |
| 3         | 65.867,77 €  | 13.832,23 € | 79.700,00 €   |
| 4         | 65.867,77 €  | 13.832,23 € | 79.700,00 €   |
| 5         | 38.429,75 €  | 8.070,25 €  | 46.500,00 €   |

**5. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

- a. Data de adxudicación: 21 de agosto de 2018
- b. Órgano adxudicador: Pleno da Corporación
- c. Contratistas e importes de adxudicación:

| Núm. lote | Contratista                 | CIF/NIF    | Importes polas catro anualidades dos contratos                                    |
|-----------|-----------------------------|------------|---|
| 1         | Limpiezas San Froilán S.L.U | B-27257815 | Importe base: 346.324,61 €<br>21% IVE: 72.728,17 €<br>Importe total: 419.052,78 € |
| 2         | Limpiezas Lema S.L.U        | B-27331826 | Importe base: 56.940,00 €<br>21% IVE: 11.957,40 €<br>Importe total: 68.897,40 €   |

|   |                             |              |   |
|---|-----------------------------|--------------|---|
| 3 | Emma Bermúdez Cociña        | 33.992.105-Z | Importe base: 56.198,35 €<br>21% IVE: 11.801,65 €<br>Importe total: 68.000,00 € |
| 4 | Limpiezas San Froilán S.L.U | B-27257815   | Importe base: 52.364,79 €<br>21% IVE: 10.996,61 €<br>Importe total: 63.361,39 € |
| 5 | Serco 93 A Mariña S.L.      | B-27306307   | Importe base: 27.200,00 €<br>21% IVE: 5.712,00 €<br>Importe total: 32.912,00 €  |

d. Formalización dos cinco contratos: 27 de agosto de 2018

Viveiro, 29 de agosto de 2018.- A Alcaldesa, María Loureiro García

R. 2514

## ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### XULGADO DO SOCIAL N.º 3 DE LUGO

#### *Anuncio*

D/Dª MARIA DEL CARMEN ALVAREZ MARQUES, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 003 de LUGO, HAGO SABER:

Que en el procedimiento DESPIDO/CESES EN GENERAL 0000109 /2018 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de D JAMAL EL RHAZAOUANI contra la empresa LA HABANA EN GALICIA CB, sobre DESPIDO, se ha dictado sentencia con fecha 30 de julio de 2018, cuya parte dispositiva se adjunta:” **DECISIÓN.-1. Acollo a demanda formulada por Jamal El Rhazaouani contra LA HABANA GALICIA, CB e Jorge Abraham Torres de tal xeito que:Declaro improcedente o despedimento con efectos dende o 23 de decembro de 2017.-Condeno a LA HABANA GALICIA, CB e a Jorge Abraham Torres a que no prazo de cinco días a contar desde a notificación desta resolución opten, comunicándollo a este Xulgado, entre readmitir a Jamal El Rhazaouani no seu posto de traballo ou a indemnizalo pola extinción da relación laboral coa cantidade de 565,46 euros.-Para o caso de optar pola readmisión, LA HABANA GALICIA, CB e Jorge Abraham Torres deberán aboar tamén, como salarios de tramitación por cada un dos días existentes entre o 23 de decembro de 2017 e a data de notificación desta resolución a cantidade de 34,27 euros.-Condeno a LA HABANA GALICIA, CB e a Jorge Abraham Torres ao pago solidario a Jamal El Rhazaouani da cantidade de 2362,88 euros brutos, sobre a que se reportarán os xuros do 10 por cento.**

**2. As cantidades anteriores serán asumidas polo FOGASA de conformidade cos límites e os requisitos legais e regulamentarios que no seu caso procedan.-3. As custas do procedemento (que incluírán os honorarios do/a letrado/a/graduado/a social da actora ata o límite máximo de 600 euros) serán aboadas por LA HABANA GALICIA, CB e Jorge Abraham Torres.-Esta resolución notifícase ás partes facéndolles saber que a mesma non é firme, e que contra a mesma cabe interpor un *recurso de suplicación*, perante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.-O devandito recurso deberá anunciarse ante este mesmo Xulgado mediante unha comparecencia ou un escrito no prazo dos cinco días hábiles seguintes ó da notificación da sentenza, realizando o depósito legal mediante o ingreso da cantidade na conta 2324 0000 30, indicando o número de procedemento.-De non se anunciar recurso, debe procederse ó arquivo das actuacións, logo de dalas de baixa no libro correspondente.-Así o acordo, decido e asino.-DALILA DOPAZO BLANCO, maxistrada-xuíza do Xulgado do Social núm. 3 de Lugo.-Rubricado.-**Publicación.**- A anterior sentenza ditada pola maxistrada-xuíza foi entregada, lida e publicada esta data e na miña presenza. Dou fe, como letrado/a da Administración de Xustiza do Xulgado do Social núm. 3 de Lugo.-María del Carmen Álvarez Marqués.-Rubricado”.**

Y para que sirva de notificación en legal forma a **JORGE ABRAHAM TORRES**, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En LUGO, a veintiuno de agosto de dos mil dieciocho.- **LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA**

R. 2515